



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Variedades do Inglés	Código	613G03042	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Nuñez Punte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Profesorado	Nuñez Punte, Carolina	Correo electrónico	c.nunez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo das numerosas e complexas manifestacións da lingua inglesa, agás as consideradas estándar.			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos: Ningunha a non ser en caso de forza maior, no cal os contidos poderían reducirse e/ou adaptarse.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Discusión dirixida, taller, traballo tutelado e presentación oral.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican: As clases impartiranse a través de audios e/ou vídeos gravados en Moodle e/ou Microsoft Teams. Crearei un foro de debate ou un chat para discutir os temas do curso e un canal para colgar os vídeos. Os exercicios escritos enviaranse por email e/ou Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Email e/ou vídeo-tutoría en Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación: Vid. abaixo.</p> <p>*Observacións de avaliación: Os tests realizaranse a través de Moodle. O ensaio enviarase por email e os exercicios por Moodle. As dúas presentacións orais (a obrigatoria e a opcional) gravaranse en vídeo e subiranse á plataforma correspondente (ex. Microsoft Teams).</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: Ningunha.</p>			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A17	Coñecer a historia e a cultura das comunidades anglófonas.
A19	Coñecer a situación sociolingüística da lingua inglesa.
A20	Coñecer a variación lingüística da lingua inglesa.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.



B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Durante e (especialmente) ao final do curso, espérase que os/as estudantes saiban como...		A1	B1 C2
- achegarse ao mundo das variedades lingüísticas e culturais da lingua inglesa desde un punto de vista ético e poscolonial,		A2	B2 C4
- analizar os aspectos socioculturais, políticos, económicos e militares que rodean a expansión da lingua inglesa e as súas consecuencias (por exemplo, o capitalismo, o colonialismo, a globalización, a emigración, etc.),		A6	B3
- localizar as rexións xeográficas e/ou países das devanditas variedades do inglés en todo o mundo,		A9	B4
- familiarizarse coas principais características culturais das rexións e/ou países mencionados (a historia, a literatura, a relixión, os costumes, etc.),		A11	B6
- identificar o sistema fonolóxico, morfolóxico e léxico do inglés, así como as características dos seus acentos e dialectos,		A17	B7
- recoñecer variedades do inglés en torno ao xénero, clase, idade, orixe étnica, profesión, etc.		A19	B8
		A20	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción e conceptos básicos.	O inglés no mundo. Colonialismo, postcolonialismo e diásporas. Inglés v. inglés. Acento, argot, bilingüismo, crioulo, dialecto, diglosia, idiolecto, lingua franca, xerga, pidgin, rexistro, etc.
2. O inglés no centro do imperio.	O inglés da raíña. O inglés da BBC. O inglés británico estándar como dialecto. Variedades de Londres, o inglés de Escocia, o Wenglish, o inglés do norte, do sur e da área central de Inglaterra.
3. O inglés nas Américas.	O inglés americano, o inglés afro-americano, o de Canadá, o inglés Chicano, o crioulo de Louisiana, o do Caribe.
4. O inglés en África.	Variedades de Camerún, Gana, Kenia, Liberia, Nixeria, Sudáfrica.
5. O inglés en Asia e Oceanía.	Variedades de India, Australia, Nova Zelandia, o inglés do pobo Maorí, o pidgin das Illas Solomon.
6. Outras variedades.	O inglés académico (ex. MLA). O inglés segundo clase, xénero, idade, etnia, profesión, etc.

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	A6 A9 A11 A17 A19 A20 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C2 C4	16	26	42
Obradoiro	A1 A2 A6 A9 A11 A17 A19 A20 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C2 C4	16	16	32
Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B6 B7	2.5	25	27.5
Presentación oral	B4 B5 B10 C2 C3 C4 C8	0.5	10	10.5
Atención personalizada		0.5	0	0.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	As clases en GRUPO GRANDE adicaranse á presentación e discusión do material e dos textos orais e escritos que ilustrarán os conceptos xerais. Asignaranse lecturas, visionados ou audicións para cada clase e cóntase con que o alumnado amose a súa comprensión do material, que terá revisado antes da clase.
Obradoiro	Os obradoiros (ou "clases prácticas") terán lugar na aula de ordenadores. Leranse, escoitaranse e analizaranse textos con diferentes variedades do inglés. O alumnado deberá responder a este material por escrito, con frecuencia en Moodle.
Traballos tutelados	Diferentes tarefas de redacción nas que o alumnado demostrará a súa comprensión do material. Supervisarase este traballo coidadosamente.
Presentación oral	Tarefas que se completarán individual ou colaborativamente nas que o alumnado demostrará oralmente a súa comprensión do material.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral Traballos tutelados	Estamos encantados de recibir ao alumnado nos nosos gabinetes nas horas de tutoría.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación



Presentación oral	B4 B5 B10 C2 C3 C4 C8	Haberá dúas presentacións orais: I. Unha presentación INDIVIDUAL durante a CLASE PRÁCTICA (10%): A presentación individual consiste en facer unha análise práctica da variedade inglesa que queirades. Devandita análise ha de comentar NECESARIAMENTE as características fonéticas e/ou gramaticais dun texto (ex. unha canción ou unha película en inglés non estándar). II. Un VÍDEO-PROXECTO en GRUPO OPCIONAL (5%): O formato do vídeo-proxecto en grupo (3-10 estudantes) é máis libre, sempre e cando os estudantes imiten RESPECTUOSAMENTE un acento inglés non estándar (ou varios) durante a presentación e eviten os clichés e os estereotipos. IMPORTANTE: Non se pode repetir variedade nas presentacións, o project e o ensaio comparativo?é dicir, en total, traballaredes polo menos sobre 4 variedades diferentes. Tanto para o ensaio como para as presentacións, podeades elixir variedades NON tratadas en clase.	15
Obradoiro	A1 A2 A6 A9 A11 A17 A19 A20 B1 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C2 C4	Nos obradoiros ou CLASES PRÁCTICAS, que terán lugar na aulanet, as/os estudantes terán que aportar as súas análises e os seus comentarios sobre o material tratado ese día (ou outros) ás veces en PAPEL e a miúdo no FORO de MOODLE. As notas nesta sección dependerán do traballo presencial na aula.	30
Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B6 B7	ENSAIO COMPARATIVO: Teredes que escribir un ensaio comparativo sobre dúas ou máis variedades do inglés non estándar. As variedades que elixades non poden coincidir nin coa da exposición oral individual nin coa do project (vid. abaixo). Cando vos devolva os vosos traballos corrixidos, teredes que reescribilos seguindo as miñas indicacións. A nota obtida só será efectiva tras dita reescritura. Recibiredes instruccións máis detalladas na clase.	15
Discusión dirixida	A6 A9 A11 A17 A19 A20 B2 B3 B4 B6 B7 B8 C2 C4	En cada CLASE TEÓRICA (i.e. grupo grande), cada estudante deberá responder oralmente ou por escrito a preguntas (i.e. TESTS) sobre o material asignado para ese día (e/ou para días anteriores), así como participar nos debates e resto de actividades. As datas dos devanditos tests serán anunciadas por adiantado.	40

Observacións avaliación



- Para aprobar a materia, hai que sacar polo menos un 5 sobre 10 nas actividades das CLASES TEÓRICAS e das PRÁCTICAS, no TRABALLO TUTELADO, na PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL e na nota final.
- O alumnado que non aprrobe as actividades das CLASES TEÓRICAS e/ou das CLASES PRÁCTICAS pode recuperalas no exame oficial de XANEIRO.
- No exame oficial de XULLO se seguirán as mesmas indicacións que en xaneiro en canto á avaliación da teoría e a práctica. A data do exame, teredes que enviarme o traballo tutelado e colgar a presentación oral individual. O vídeo-proxecto en grupo tamén será opcional. Cabe sinalar que cada estudante deberá realizar a(s) sección(s) que non superase na primeira oportunidade.
- O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.
- O estudiantado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase segundo os criterios establecidos para a oportunidade de xullo.
- Para NON obter a cualificación de "Non presentado", a/o estudante debe facer polo menos a metade do traballo puntuable (i.e. ensaio, probas, etc.).
- Todos os traballos deberán ser entregados en tempo e forma para evitar así unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.
- O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do estudiantado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" na mesma.
- Se a coordinadora considérao conveniente, poderá haber temas de auto-estudo por parte do alumnado (ex. para ampliar coñecementos). Estes materiais, que non serán obxecto de avaliación, serán provistos en Moodle.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Bibliografía básica Ahmad, Dohra, ed. Rotten English: A Literary Anthology. Norton & Co., 2007. Cheshire, Jenny. English Around the World: Sociolinguistic Perspectives. Cambridge University Press, 1991. Crystal, David. English as a Global Language. Cambridge University Press, 2003. Freeborn, Dennis, et al. Varieties of English: An Introduction to the Study of a Language. Macmillan, 1993. Graddol, David, Dick Leith, and Joan Swann. English: History, Diversity and Change. Open University, 1996. Hickey, Raymond, ed. Legacies of Colonial English: Studies in Transported Dialects. Cambridge University Press, 2004. Hughes, Arthur, Peter Trudgill, and Dominic Watt. English Accents and Dialects: An Introduction to Social and Regional Varieties of British English. Hodder Arnold, 2005. Kortmann, Bernd, et al. A Handbook of Varieties of English. 2 Vols. and CD. Mouton de Gruyter, 2004. Krach, Braj B., Yamuna Kachru, and Cecil L. Nelson, eds. The Handbook of World Englishes. Blackwell, 2006. Schneider, Edgar. Postcolonial English: Varieties Around the World. Cambridge University Press, 2007. Seoane, Elena, and Cristina Suarez-Gomez, eds. World Englishes: New Theoretical and Methodological Considerations. John Benjamins, 2016.</p> <p>Filmografía básica The Adventures of Priscilla, Queen of the Desert. Dir. Stephan Elliot. Perf. Terence Stamp, Hugo Weaving, Guy Pierce, etc. Gramercy Pictures, 1994. Bend It like Beckham. Dir. Gurinder Chadha. Perf. Parminder Nagra, Keira Knightley, etc. 20th Century Fox, 2002. Keeping Up Appearances. Dir. Harold Snoad. Perf. Patricia Routledge, Clive Swift, etc. BBC, 1990-1995. My Fair Lady. Dir. George Cukor. Perf. Audrey Hepburn, Rex Harrison, etc. Warner Bros, 1964. Monsoon Wedding. Dir. Mira Nair. Perf. Vasundhara Das, Vijay Raaz, etc. Mirabai Films, 2001. Real Women Have Curves. Dir. Patricia Cardoso. Perf. America Ferrera, Lupe Ontiveros, etc. HBO, 2002. Websites básicas The Routes of English. BBC Radio 4. n.d. http://www.bbc.co.uk/radio4/routesofenglish/. 29 June 2016. Worldwide Accents of English. Gabrielle Azzaro. 2000. http://www.gazzaro.it/accents/files/accents2.html. 29 June 2016.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías